

## VII CAMPUS DE INICIACIÓN Ó ATLETISMO MILLARAIO

### **OBXECTIVOS:**

Concebido como ferramenta para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral en épocas non lectivas, ofrece aos xoves atletas do Club a posibilidade de minimizar a perda de contacto co deporte durante as vacacións. Para pequen@s de fóra do Club, é unha opción para ter unha primeira toma de contacto co mundo do atletismo dunha forma divertida.

Tendo en conta a situación sanitaria actual pola COVID-19, priorizaranse as actividades ao aire libre e aquelas que requiran o menor contacto posible, sempre con grupos reducidos.

**IDADES:** **NAD@S ENTRE 2007 E 2014** (AMBOS INCLUÍDOS)

### **LUGAR BASE:**

- **XULLO:** Ximnasio do Pavillón Polideportivo Municipal de **Milladoiro**.
- **SETEMBRO:** Pavillón Polideportivo Municipal de **Bertamiráns**.

### **DATAS:**

- **13 a 31 de xullo:** posibilidade de asistencia por semanas
- **31 de agosto a 9 de setembro**

**HORARIOS DO CAMPUS:** 8:30-14:30 (chegada: entre 8:30 e 9:00, recollida entre 14:00 e 14:30):

- **CHEGADA e XOGO LIBRE:** de **08:30 a 09:00**
- **ACTIVIDADES:** de **09:00 A 14:00**
- **XOGO LIBRE e RECOLLIDA:** de **14:00 a 14:30**

Proporcionarase un horario cas actividades concretas para cada semana na semana anterior á quenda correspondente, no que se indicarán os días de piscina (en función das previsións meteorolóxicas) e as diferentes actividades que se realizarán durante o campus.

Coa colaboración de:

**PREZOS:**

	XULLO: 1 semana	XULLO: 2 semanas	XULLO: 3 semanas	SETEMBRO
<b>SOCIOS DO CLUB (atletas con licenza MillaRaio 2020)</b>	60€	110€	150€	70€
<b>NON SOCIOS (externos ao club)</b>	75€	125€	170€	90€

\* Desconto do 10% no caso de irmá(n)s que asistan xunt@s

**FORMULARIO DE INSCRICIÓN:** <https://forms.gle/awiumorURF3R4qj99>

**Data límite:**

- 6 de xullo de 2020 para o campus de xullo
- 23 de agosto para o campus de setembro

Enviárase confirmación da praza finalizados os prazos de inscrición (7 de xullo ou 24 de agosto).

**FORMA DE PAGO:** INGRESO ou TRANSFERENCIA na conta CAIXABANK: ES88 2100 2954 7202 00247631 (Concepto: Campus Millaraio NOME e APELIDOS nen@).

Unha vez recibida a confirmación da praza (rematado o prazo de inscrición), enviar xustificante do pago a [millaraio@gmail.com](mailto:millaraio@gmail.com), xunto co documento de declaración responsable e autorizacións debidamente cuberto e asinado.

En caso de non haber suficiente demanda nalgunha das quendas, ou no caso de que nalgún momento as autoridades sanitarias desaconsellen a celebración da actividade, suspenderase a quenda correspondente, devolvéndose as cotas aboadas.

**MATERIAL NECESARIO:**

- PARA TODOS OS DÍAS: Máscara, roupa e calzado deportivo. O Club proporcionará máscaras no caso de perda ou deterioro da que se traia, así como solución hidroalcohólica e panos desbotables.
- PARA OS DÍAS DE PISCINA (se o tempo o permite): Toalla, bañador, gorro e chanclas.

## **NORMAS SANITARIAS APROBADAS POLO CONCELLO DE AMES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN**

Para **prever a posibilidade de contaxios** valorarase pormenorizadamente a posibilidade de participación, seguindo as seguintes **medidas**:

- En todos os casos **garantirase o cumprimento de protocolos de seguridade** (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os monitores/as velarán pola **seguridade da actividade** mediante o control diario da declaración de saúde de cada participante a entrada nas instalacións, o axeitado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e, si fose necesario, o control da temperatura dos participantes.
- Os pais/nais/titores dos **participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte a COVID-19**, de tal forma que se algún presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará ca organización do campamento.
- Estableceranse **medidas para a protección específica de todos os grupos vulnerables e de risco social** en función das súas necesidades específicas.

### **Polo tanto establecemos as seguintes MEDIDAS DE PREVENCIÓN DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE PARA OS/AS PARTICIPANTES**

#### **1. Requisitos de admisión**

- Non ter diagnóstico positivo por COVID 19 segundo os criterios médicos vixentes.
- Non presentar sintomatoloxía (tos, febre, dificultade o respirar) que poida estar asociada á COVID-19 durante os 14 días previos á participación.
- Non haber estado en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID 19 nos 14 días previos a súa participación

#### **2. No desenvolvemento da actividade**

- Os responsables da actividade serán os encargados organizar as mesmas asegurando o cumprimento da distancia e medidas de seguridade.
- Os participantes levarán máscara cando se lles requira.
- Os participantes deberán obedecer aos seus responsables de grupo e manter a distancia interpersonal de aproximadamente 1,5 metros, dentro da actividade, xa sexa en espazos pechados ou ao aire libre, e nas entradas e saídas ás instalacións.

### 3. Medidas organizativas da actividade

- Os organizadores da actividade deberán asegurarse de que os participantes contan con equipos de protección individual.
- Os organizadores da actividade deben informar aos participantes dos riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual.
- Os organizadores da actividade deberán prover aos participantes dos produtos de hixiene necesarios para poder seguir as recomendacións individuais, adaptándose a cada actividade concreta. Con carácter xeral, e necesario manter un aprovisionamento axeitado de xabón, solución hidroalcohólica e panos desbotables.
- Os organizadores da actividade deberán manter un aprovisionamento suficiente do material de limpeza para poder acometer as tarefas de hixienización reforzada a diario. Entre eles lixivia e produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar.
- Deberá evitarse na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. En caso de que sexa necesario, aumentaranse as medidas de precaución, desinfectándoos tras cada uso.

### 5. Recomendacións para os asistentes a actividade

- Uso obrigatorio de máscaras a requirimento do monitor cando non se poida manter a distancia interpersoal de 1,5 m.
- Cumprir con todas as medidas de prevención que che indique o responsable da actividade.
- Manter a distancia interpersoal (1,5 metros).
- Lavar frecuentemente as mans con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica. E especialmente importante lavarse despois de tusir ou esberrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. Trata de que cada lavado dure polo menos 40 segundos. E recomendable o lavado frecuente especialmente ao inicio e ao fin de actividades en instalacións que son utilizadas masivamente ou de uso compartido.
- Cúbrete o nariz e a boca cun pano desbotable ao tusir e esberrar, e tírao a continuación a un cubo do lixo. Se no dispós de panos emprega a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evita tocar os ollos, a nariz ou a boca.
- Se comezas a notar síntomas, avisa aos responsables da actividade, extrema as precaucións tanto de distanciamento social como de hixiene mentres estas na actividade e contacta de inmediato co teu médico de atención primaria ou co teléfono de atención a COVID-19.